

**BOLETÍN  
INFORMATIVO**

# “ A TODOS OS QUE NOS SENTIMOS PROTAGONISTAS DO CAMPO ”



## **COOPERATIVA MELISANTO**

Agüeiros  
FURELOS  
MELIDE



*Edición Trimestral*  
Depósito Legal: C-830-87

**Nº 2 / 10**



**981 50 60 26**

# NOTICIAS BREVES



Todos aqueles mozos que teñan pendente a realización do **Curso de 250 horas exixido pola Consellería do Medio Rural** (Curso de Aptitude Empresarial) para a súa incorporación na explotación, deberán anotarse nas Oficinas da cooperativa, xa que de xuntar un número suficiente de alumnos existe a posibilidade de realizalo na localidade de Melide sen ter que desprazarse fóra.

Igualmente, para a programación doutros posibles cursiños é preciso coñecer o interese e inquietudes dos socios en canto ás materias a impartir, polo que tamén se deberá facer saber na propia cooperativa.



O Consello Galego de Cooperativas, como ven facendo desde hai nove anos, celebrou o **Día do Cooperativismo Galego 2010** o pasado día 3 de xullo nas instalacións da Adegas Condés de Albarei S. Coop. Galega, no Pazo de Baión, en Vilanova de Arousa (Pontevedra). Desde o cooperativismo galego sumáronse á celebración internacional promovida polas Nacións Unidas e a Alianza Cooperativa Internacional agrupacións de toda Galicia, xuntándose no evento máis de 1.300 persoas.

Entre os actos programados, aos que asistiron o Presidente da Xunta e os conselleiros de Medio Rural e Traballo e Benestar, tivo lugar a entrega dos Premios á Cooperación 2010, recaendo o **premio á promoción do cooperativismo polo seu traballo desenvolvido na comarca Terra de Melide en D. Antonio Mosqueira Rañón, axente de extensión agraria en Melide**, hoxe xubilado, e promotor-colaborador desta cooperativa MELISANTO desde o ano 1979, data na que foi constituída esta agrupación.



A **Asemblea xeral de socios da cooperativa MELISANTO** está previsto que se celebre o próximo **martes día 20 de xullo ás 10 e 10 e media da mañá, en primeira e segunda convocatoria**, respectivamente. Nela, ademais da exposición das contas do pasado exercicio económico pechado a 31 de decembro, así como a distribución dos excedentes dispoñibles, obxectivos a realizar durante o ano 2010, para a súa aprobación, tamén terá o seu apartado para a renovación da metade dos membros do consello reitor por remate do período de mandato dos actuais. Pola importancia dos temas a tratar, agárdase que a asistencia a mesma sexa o máis numerosa posible.



A Consellería do Medio Rural concede unha **moratoria para os préstamos vinculados coa mellora das explotacións e a incorporación de persoas novas** á actividade agraria concedidos nas convocatorias correspondentes aos anos 2007, 2008 e 2009 (Plans de Mellora e Primeiras instalacións).

A carencia pode ser de ata dous anos de duración na amortización dos citados préstamos

---

e o custo financeiro será sufragado pola consellería.

O prazo de presentación de solicitudes é de 2 meses desde a publicación da orde no Diario Oficial de Galicia (24 de xuño de 2010).



O Diario Oficial de Galicia publicou unha orde da consellería do Medio Rural pola que se determina a **época de perigo alto de incendios**. Mediante esta norma, para este ano 2010 declárase o período comprendido **entre o 1 de xullo e o 30 de setembro como perigo alto de lumes forestais**.

Ao mesmo tempo, a orde faculta tamén ao director xeral de Montes para ditar cantas instrucións sexan precisas para modificar estas datas e declarar como perigo alto outras épocas do ano, cando as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incendios.



Recórdaselle aos socios que o **calendario laboral** de carácter xeral para o que resta do ano 2010 en canto a días inhábiles, a efectos laborais, é o seguinte:

12 de outubro (Día da Hispanidade); 1 de novembro (Todos os santos); 6 de decembro (Día da Constitución Española); 8 de decembro (A Inmaculada) e 25 de decembro (Nadal).

Os festivos laborais de carácter local, para a localidade de Melide foi o pasado 29 de xuño (San Pedro) e será o 16 de xullo (Virxe do Carme).

O **horario que en vigor desde o día 1 de abril de 2010 ata o 30 de setembro de 2010** nas instalacións da cooperativa para atender aos socios, será o seguinte:

De luns a venres:

Polas mañás, de 10 a 14 horas.

Polas tardes, de 16 a 20 horas.

Os sábados, en horario de mañá, de 10 a 14 horas.

Os domingos e festivos permanecerán pechadas as instalacións da cooperativa.

Tamén se lle comunica aos usuarios dos servizos da cooperativa que con motivo das **festas do San Roque os días 16, 17, 18 e 19 de agosto** o horario de apertura ao público das instalacións da cooperativa será de **10 da mañá ás 2 do mediodía**.



O FOGGA ordenou un total de 61.936 **pagos a produtores de gando vacún de carne por un importe de 20,7 millóns de euros**. Estes pagos corresponden ás primas por vacas nutrices, primas por sacrificio de gando vacún e a dúas axudas derivadas da reforma da PAC de 2003: o pago adicional a explotacións que manteñen vacas nutrices e o pago adicional á produción de carne de vacún de calidade recoñecida oficialmente.

Unha vez coñecida a información das solicitudes recibidas dos gandeiros de todas as co-

municipalidades autónomas para a campaña 2009, o FEGA fixou a contía unitaria e coeficiente de axuste para as distintas primas coa fin de non superar nin o número máximo de animais establecido para o Estado Español nin a dotación orzamentaria máxima establecida para cada tipo de prima.

Na liña de axuda por vacas nutrices o importe unitario da prima é de 186 euros/cabeza, beneficiándose 11.757 gandeiros en Galicia. No caso da axuda por sacrificio de vacún de 1 a 8 meses o importe unitario é de 46,50 euros/cabeza, mentres que no sacrificio de animais de 8 ou máis meses o importe é de 26,40 euros/cabeza. Do pago adicional a explotacións que manteñen vacas nutrices beneficiáronse 17.198 gandeiros galegos. Para o pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (IXP Ternera Gallega e procedente da Agricultura Ecolóxica) recibiron unha prima unitaria de 12,10 euros/cabeza.



### **A Xunta e o Exército colaborarán un ano máis nas tarefas de prevención de incendios forestais en Galicia,** establecendo unha implicación gradual por parte do Ministerio de Defensa nesta labor segundo os diferentes niveis de risco vinculados á gravidade da situación.


O obxectivo fundamental desta colaboración é vixiar e identificar aos potenciais axentes causantes de lumes forestais, ao tempo que se busca que a propia presenza dos medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delictivas. A consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Montes comprométese a financiar o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración.

O obxectivo fundamental desta colaboración é vixiar e identificar aos potenciais axentes causantes de lumes forestais, ao tempo que se busca que a propia presenza dos medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delictivas. A consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Montes comprométese a financiar o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración.



Os efectos da crise económica tradúcense nun aumento de impagados, retrasos e prórrogas na liquidación de facturas vencidas, que afectan a todos os sectores, e entre eles ás cooperativas.

O Goberno de España acaba de aprobar a **reforma da lei de morosidade** na que se contemplan uns prazos de pago máximos obrigatorios de 30 días para os produtos frescos e perecedeiros e de 60 días para os non perecedeiros a partir da data de entrega das mercadorías, eliminándose a cláusula “salvo pacto entre ambas partes”. Tamén na reforma aprobada establécese o réxime sancionador de lei de comercio minorista, reforzándose o dereito a percibir indemnización e promóvese a adopción de códigos de boas prácticas en materia de pagos, entre outras melloras.



---

# PERSPECTIVAS FUTURAS NO TRANSPORTE DE ANIMAIS VIVOS

O transporte de mercadorías pola estrada supón hoxe en día na Unión Europea entre un 90-99 % do transporte total. O transporte de animais vivos tamén se corresponde con esas cifras debido á flexibilidade e adaptación que posúe esta modalidade, asociada ás infraestruturas de comunicación, o desenvolvemento tecnolóxico que sufriron os medios de transporte e á súa boa relación calidade-prezo en comparación con outros medios.

O transporte de animais representa o aspecto máis controvertido hoxe en día en materia de benestar animal, e mostra desto é a gran cantidade de informes realizados nos últimos anos. Os novos obxectivos da Comisión europea e os novos elementos que van modificando a lexislación van polos seguintes camiños:

- Promover no ámbito internacional as normas de benestar animal seguidas pola Unión Europea.
- Mellorar as condicións de ventilación dos vehículos en transportes de longa distancia.
- Establecemento dun novo sistema harmonizado de autorización de transportistas.
- Facilitar os controis e seguimento das infraccións.
- A adopción de definicións máis precisas para algúns termos como animais non aptos para o transporte. Prohibir o transporte de animais xóvenes.
- Introducir medidas particulares para o transporte de cabalos, establecendo normas máis rigorosas.
- Mellorar a cualificación do persoal con formación do mesmo.
- Introducir requisitos máis rigorosos para o transporte de longa distancia.
- Mellorar o deseño de vehículos.
- Trasladar a responsabilidade a toda a cadea dende o gandeiro ata a industria.

A lexislación europea sobre benestar animal foi evolucionando cos anos mediante as diferentes adaptacións das leis precedentes, modificacións que se deben á experiencia adquirida e aos novos coñecementos científicos que foron xurdindo. Desta forma, xa dende a década dos 90 foi aparecendo normativa referente ao benestar animal que afecta tanto á

---

---

producción como a comercialización e sacrificio dos animais de abasto.

Hoxe en día o transporte de animais constitúe unha parte imprescindible do proceso produtivo xa que existe no territorio unha distribución desigual da produción e da industria, é dicir, da oferta e da demanda.

Como modificacións destacables das especificacións técnicas máis relevantes podemos citar as seguintes:

- Os leitóns con menos de catro semanas de idade, os anos con menos dunha semana e os becerros de menos de 2 semanas non serían aptos para o transporte, agás se este se realiza a menos de 100 quilómetros.
  - No deseño de mangas e vehículos prohíbese a utilización de instrumentos que subministren descargas eléctricas e pinchos ou instrumentos rematados en punta.
  - O espazo dispoñible por animal e a altura dos compartimentos modifícase en función de que o transporte sexa de longa distancia ou non, e de que o vehículo estea equipado con ventilación forzada ou non respectivamente.
  - A efectos da duración da viaxe, no transporte pola estrada o traxecto non debería durar máis de nove horas e os períodos de descanso deberían de ser de polo menos 12 horas.
  - Todos os transportes de longa distancia deberían dispoñer de camas dun material adecuado que permita a absorción de líquidos e o descanso dos animais, transportar suficiente alimento e dispor de equipos necesarios para o subministro de dito alimento. Os vehículos tamén deberán dispoñer de separacións de modo que poidan crearse compartimentos separados, podendo adaptarse ás necesidades específicas, tamaño e número de animais transportados.
  - Un punto importante é a ventilación. Os sistemas de ventilación deben deseñarse de tal xeito que, independentemente que o vehículo estea parado ou en movemento, a temperatura dentro do mesmo se axuste a uns valores determinados. Estes sistemas deben garantir a distribución uniforme e constante cun caudal mínimo de 60 metros cúbicos/km de carga útil. Esta nova proposta fai referencia tamén a que os vehículos de transporte de animais deben de estar equipados con sistemas de control de temperatura e humidade, así como un sistema de rexistro de datos, complementado cun sistema de alerta que avise ao condutor cando a temperatura supere os límites máximos e mínimos permitidos.
  - A superficie destinada aos animais transportados establécese, por unha parte para os transportes que non sexan de longa distancia e por outra para os transportes de longa distancia (aqueles cuia duración é de máis de 9 horas). O
-

---

transporte de équidos non se poderá facer en dúas alturas, sendo a altura mínima do compartimento de 75 centímetros maior que a altura da cruz do animal máis grande.

- Débese dispor dun “libro de a bordo”, que debe ser preparado pola persoa que organice a viaxe. Este libro constará dunha serie de apartados que se deben cumprimentar, como son: planificación, lugar de partida, lugar de destino, notificación de anomalías, número de identificación do libro.
- Un punto considerado de gran importancia, tanto actualmente como no futuro, é a cualificación do persoal a través da formación. Hoxe en día existen cursos de capacitación para o persoal que manexa os animais con asistencia voluntaria, pero no futuro esta formación será de carácter obrigatorio.

O benestar animal debe ser considerado dende o punto de vista da calidade dos produtos obtidos. Neste sentido existen tres razóns para preocuparse polo benestar animal. A primeira sería unha razón moral, é dicir, ter a seguridade de estar facendo ben as cousas. Por outra banda, os produtos de baixa ou mala calidade indican un benestar baixo. Finalmente citar o risco que pode existir da perda de cota de mercado pola venda de produtos con semellanza de baixo benestar.



# OS SEGUROS AGRARIOS

O seguro agrario é unha ferramenta importante para o gandeiro ou o agricultor para facer fronte ás perdas económicas xurdidas como consecuencia de enfermidades do gando, adversidades climatolóxicas ou outro tipo de sinistro.

ENESA (Entidade Estatal de Seguros Agrarios) é a encargada do deseño de novas liñas, así como da mellora das xa existentes. Deste xeito, os Planos de Seguros foron universalizando a protección do sector agrario pasando de 5 liñas de aseguramento no 1980, ano no que se aproba o primeiro plano a máis dun centenar na actualidade.

Hai outra xestora que xoga un papel moi importante nos Seguros Agrarios que é a Agrupación Española dos Seguros Agrarios Combinados, AGROSEGURO, que xestiona o sistema de seguros agrarios, integra entidades aseguradoras nacionais e estranxeiras, desenvolvendo métodos de análise específicos de gran complexidade técnica. Agroseguro elabora os estudos técnico-actuariais, tramita a peritación e pago dos sinistros cubertos polo sistema de seguros agrarios, ao tempo que representa, neste ámbito ao sector asegurador privado ante as administracións públicas e os organismos internacionais.

O Seguro Agrario Combinado conta con subvencións á contratación por parte da Administración (a través de ENESA) e da Consellería do Medio Rural. ENESA establece unha subvención base que varía por grupos de liñas á que se engaden distintas porcentaxes se é unha contratación colectiva, agricultor profesional, titular de explotación prioritaria, socio de unha cooperativa ou Agrupación de produtores, mozo agricultor ou por renovación de contrato.

O Boletín Oficial do Estado (BOE) do 31 de maio pasado publica unha orde pola que se definen as explotacións de gando asegurables, as condicións técnicas mínimas de explotación, o ámbito de aplicación, o período de garantía, as datas de subscrición e o valor unitario dos animais en relación co seguro renovable para a cobertura dos gastos derivados da retirada e destrución de animais bovino mortos na explotación, comprendido no Plano Anual 2010 de Seguros Agrarios Combinados.

**Explotacións e animais asegurables:** Todas aquelas que teñan asignado un CEA. Ademais, todo o seu censo de animais deberá estar inscrito no correspondente Libro de explotación, dilixenciado e actualizado. Non poderán subscribir o seguro os mata-doiros e as explotacións dedicadas á experimentación ou ensaio.

Estarán cubertos os animais que morran nas explotacións dos titulares debido a causas naturais, accidentes nas explotacións dos titulares do seguro, sacrificio e enterramento na propia explotación por motivos zoonosanitarios e coa autorización escrita da autoridade competente. Tamén estarán cubertos polas garantías do seguro os animais mortos durante o transporte cara á calquera destino, sempre antes da súa entrada

en matadoiro.

As crías estarán amparadas desde o seu nacemento ata a súa crotalización e correcta inscrición no Libro de explotación, sempre e cando se comprobe que a nai estea amparada no seguro. Quedan expresamente excluídos das garantías deste seguro os sacrificios en festexos tourinos.

Os gastos de retirada e destrución de animais non cubertos polo seguro correrán a cargo do gandeiro.

**Sistemas de manexo da explotación:** O sistema de manexo declarado polo asegurado será único para cada explotación e non poderá variarse durante o período de vixencia da póliza.

Para que poidan ser aseguradas, os animais das explotacións deberán estar sometidos a algún dos seguintes sistemas de manexo:

Cebo industrial, aquel que o único fin é o engorde intensivo de gando para a súa comercialización.

Resto de sistemas de manexo do gando vacún (gando de carne ou gando de leite).

Sistema de manexo de tratantes ou operadores comerciais.

#### **Entrada en vigor do seguro e período de garantía:**

1. A data de entrada en vigor do seguro comezará ás cero horas do día seguinte do pago da póliza, e finalizará ás cero horas do día en que se cumpra un ano desde a data de entrada en vigor, e, en todo caso, coa baixa do animal no Libro de explotación. As garantías se iniciarán unha vez rematado o período de carencia.
2. As modificacións de capital vencerán o mesmo día en que se produza o vencemento da declaración de seguro inicial.
3. Á expiración do período de garantías indicado anteriormente, o contrato entenderase prorrogado por un prazo dun ano, e así sucesivamente á expiración de cada anualidade.
4. O contrato quedará extinguido ao vencemento do período en curso en caso de opoñerse expresamente o asegurado á prórroga do mesmo con anterioridade ao seu vencemento e mediante notificación expresa a Agroseguro a través dos medios establecidos nas condicións especiais da póliza.

**Período de subscrición:** O período de subscrición do seguro renovable para a cobertura dos gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos na explotación iniciarase o 1 de xuño de 2010 e rematará o 31 de maio de 2011.

#### **Valor unitario dos animais:**

1. O valor unitario dos animais asegurados, a efectos do cálculo do capital asegu-

rado será o seguinte: 206,63 euros por animal para a comunidade autónoma de Galicia.

2. En caso de sinistro indemnizable, agás os sacrificios e enterramentos “in situ”, o valor máximo a efectos de indemnización para Galicia será de 72,08 euros por animal para os menores de seis meses; 171,18 euros para os animais iguais ou maiores de seis e menores de doce meses; 206,63 euros para os animais iguais ou maiores de doce meses.
3. En todo o ámbito de aplicación deste seguro, para que o servizo sexa indemnizable, todos os vehículos de recollida contarán cun sistema automático de pesaxe en quilos para rexistrar o peso individual dos animais.
4. En caso de sacrificio e enterramento “in situ” por motivos zosanitarios e autorizados pola autoridade competente, indemnizaranse os gastos, contra factura, en concepto de man de obra, maquinaria e material funxible ata unha cantidade máxima que será a maior entre o 20 % do capital asegurado ou 600 euros.

### **Liña 732.- Seguro renovable para a cobertura de gastos da destrución de animais bovinos mortos na explotación.**



**Inicio contratación:** 01/06/2010

**Final contratación:** 31/05/2011

**Explotacións asegurables:** Aquelas que identifican individualmente os seus animais e os rexistran no Libro de Explotación. Non son asegurables os matadoiros nin explotacións dedicadas á experimentación ou ensaio. Non estarán garantidas as explotacións que, aínda dispoñendo do seu propio libro de rexistro, utilicen en común uns mesmos

medios de produción con outras de diferente libro-rexistro, agás que resulten todas aseguradas polos seus respectivos titulares.

**Animais asegurables:** Os que son identificados co pendente na orella ou co Documento de Identificación de Bovinos. As crías, ata a súa crotalización, estarán amparadas polo seguro da nai, sempre e cando se comprobe que se seguiu o disposto na lexislación vixente, e a nai estea amparada segundo o paragrafo anterior.

**Garantías:** Abarcan os gastos derivados da destrución dos cadáveres de animais mortos na explotación ou durante o transporte e antes da súa entrada no matadoiro, dentro do ámbito de aplicación, por calquera causa, mediante incineración ou infumación en vertedoiro autorizado.

**Exclusións:** Sacrificios de animais ordenados polos Servizos Veterinarios Oficiais

e por tentas ou festexos.

**Carencias:** Non existe período de carencia. Os asegurados da liña 132, que pasen ao seguro renovable, e realicen o pago da prima nun prazo de dez días antes ou despois do fin das garantías do seguro anterior, terán como data de entrada en vigor do novo seguro, a do final de garantías do anterior.

**Cambios de situación:** Deberase comunicar o aumento ou diminución de animais cando o capital existente na explotación supere un 7 % da capital da Póliza. De superalo deberase rectificar mediante documento de Comunicación de Cambios remitíndoo a Agroseguro para que proceda a regularizar a Póliza.

**Sinistros:** Deberase chamar ao número de teléfono 900.900.420. Obrigación de conservar o animal durante as 72 horas seguintes á notificación do sinistro.

**Subvencións:** Por parte de ENESA, para Galicia a axuda base é dun 32 % da póliza. Para contratacións colectivas, un 5 % máis. Para a renovación de pólizas ten un incremento dun 2 % e para entidades asociativas o 49 %. Por parte da Consellería do Medio Rural: As establecidas para cada ano.

## **CARACTERÍSTICAS DOS SEGUROS RENOVABLES:**

Deberán manterse ao longo do contrato as figuras que interveñen no mesmo: Entidade tramitadora, Tomador do seguro e Asegurado. O cambio de algún deles supón a realización dun novo contrato.

**Pago da prima:** No primeiro ano de contratación realizarase ao contado (ingreso directo ou transferencia bancaria). En anos sucesivos será o tomador quen reciba na conta bancaria que designe, os cargos e abonos de todas as aplicacións adscritas ao colectivo. Agroseguro notificará ao tomador e asegurado, con ao menos 2 meses de anterioridade ao vencemento, a prima a pagar para o período sucesivo, así como a data de cobro na conta do tomador. A prima do período sucesivo estará calculada en función das posibles modificacións que puideran ocasionar o seu recálculo (valores dos bens asegurados, garantías aplicables, resultados de sinistrabilidade). O tomador poderá opoñerse á prórroga do contrato, con anterioridade ao vencemento deste, en cuio caso o contrato quedará extinguido ao vencemento do período en curso. En caso de falta de pago dunha das primas sucesivas, o contrato queda resolto un mes despois do día de vencemento da anualidade anterior.

### **Liña 102.- Explotación de gando vacún reprodutor e recrúa.**

**Inicio contratación:** 015/01/2010

**Final contratación:** 31/12/2010

**Explotacións asegurables:** Explotacións de gando vacún reprodutor e recrúa que os animais estean inscritos no Libro de explotación e na Base de datos informatizada

de identificación e rexistro de movementos do bovino (SITRAN), contando con CEA. Que foran sometidas a dúas campañas de saneamento gandeiro, agás as explotacións de nova creación (só unha). O titular do seguro será o da explotación. Non son asegurable as explotacións de tratantes ou operadores comerciais.

**Tipos de explotacións asegurables:** Leiteiras e de Carne.

**Garantías básicas:** Opción A: Accidente (incendio, afogamento por inmersión, morte por obstrución esofáxica, ataque de animais salvaxes, hipotermia por inundación, perforación do tubo dixestivo, intoxicación alimentaria aguda). En explotacións leiteiras morte de varios animais pola mesma causa, por riscos non cubertos polo resto das garantías. En explotacións de carne, mamite traumática e gangrenosa.

Opción B: Ademais das anteriores, morte por parto difícil, cesárea, prolapso de matriz, hemorraxia post-parto, febre vitularia, morte da cría ata o 6 %

Opción C (só para explotacións leiteiras): Ademais do incluído nas opcións A e B, sacrificio por mamite traumática en polo menos un teto, mamite séptica en polo menos dous tetos, morte por mamite hiperaguda.

**Garantías adicionais:** Enfermidades, SRB (síndrome respiratorio bovino), meteo-rismo, carbunco, saneamento, EEB (vacas tolas). Saneamento extra, pastos. Exclusivas para asegurados Bonus y Bonus plus, morte súbita, mamite séptica.

**Franquicias:** Xeral: 10 % dos danos; SRB, morte súbita, mamite séptica e un teto nos asegurados Bonus plus, 20 %; mamite traumática, séptica e hiperaguda en opción C, 20, 30, 50 %; opción A en explotacións leiteiras, agás febre aftosa, 10, 20, 40 %; saneamento gandeiro a partir dun 20 % de animais sinistrados 20 % dos danos.

**Cambios de situación:** Deberase comunicar o aumento ou diminución de animais cando o capital existente na explotación supere ou baixe un 7 % do capital da Póliza. De superalo deberase corrixir mediante documento de Comunicación de Cambios remitíndoo a Agroseguro para que proceda a regularizar a Póliza. Agroseguro suspenderá garantías cando se supere un 20 % do capital sen asegurar.

**Sinistros:** Deberase chamar ao número de teléfono 900.900.420. Obrigación de conservar o animal durante as 72 horas seguintes á notificación do sinistro.

**Subvencións:** Por parte de ENESA, para Galicia a axuda base é dun 14-8 % da póliza. Para contratacións colectivas, un 5 % máis. Para ATP, 14-16 %. Para a renovación de pólizas ten un incremento dun 6-9 % e para entidades asociativas o 49 %.

Por parte da Consellería do Medio Rural: As establecidas para cada ano.

**Todos aqueles socios interesados nos SEGUROS DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN deberán poñerse en contacto coas oficinas da cooperativa para recibir unha maior información sobre as primas a pagar, coberturas da liña elixida...**

# INFORMACIÓN PARA O CAMPO

## AXUDAS Á MELLORA DA EFICACIA E SUSTENTABILIDADE DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E INCORPORACIÓN DE NOVOS ACTIVOS AGRARIOS

### (PLANS DE MELLORA E PRIMEIRAS INCORPORACIÓNS)

#### PLANS DE MELLORA:

##### Investimentos obxecto de axuda:

- A mellora das condicións de vida e traballo dos/as agricultores/as e dos empregados/as das explotacións.
- A mellora cualitativa e a ordenación de producións en función das necesidades de mercado.
- A adaptación das explotacións con vistas a reducir os custos de produción.
- O cumprimento das novas normas comunitarias.
- A mellora das condicións de hixiene das explotacións gandeiras e de benestar dos animais.

Durante os cinco anos seguintes ao pagamento da subvención, os investimentos non deberán sufrir ningunha modificación importante.

##### Contía e tipo das axudas:

- a) A contía máxima da axuda, expresada en porcentaxe do investimento, con carácter xeral, poderá chegar ata o 50 % do investimento, para bens inmobles, e o 30 % para bens mobles, nas zonas desfavorecidas.
- b) A axuda consistirá nunha subvención directa de capital, ou nunha subvención de capital, total ou parcial, dunha ou varias anualidades de amortización de préstamos formalizados para levar a cabo o investimento. Estes préstamos non poderán superar o 90 % do investimento total que se vaia realizar, e formalizaranse no marco do convenio financeiro, entre a Consellería do Medio Rural e a entidade financeira.

- c) A axuda á amortización non poderá superar o 80 % do importe do préstamo, e poderá aboarlla a consellería dunha soa vez, directamente á persoa beneficiaria, logo de formalizado o préstamo e certificada a realización dos investimentos previstos.
- d) Serán denegadas as solicitudes para investimentos de plan de mellora cuxo investimento auxiliable sexa inferior a 6.000 euros por explotación, salvo que o tramo de investimento que reste sen auxiliar, de acordo co límite que corresponda non supere a dita cantidade.

## **PRIMEIRA INSTALACIÓN DE AGRICULTORES/AS MOZOS/AS**

### **Requisitos dos/as beneficiarios/as:**

Os/as agricultores/as mozos/as que desexen acceder a estas axudas, demais dos requisitos que se desprenden da definición recollida na orde, deberán cumprir os seguintes:

- Posuír, no momento da súa instalación, o nive de capacitación profesional suficiente, ou comprometerse a adquirilo nun prazo de dous anos desde a data da súa instalación.
- Instalarse nunha explotación agraria que requira un volume de traballo equivalente polo menos a unha UTA ou acadar esta condición nun prazo máximo de dous anos desde a súa instalación.
- Comprometerse por escrito a exercer a actividade agraria durante cinco anos, contados desde a data de certificación da axuda.
- Cumprir a explotación, as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, no prazo máximo de dous anos desde a instalación do/a mozo/a.
- Persoa maior de 18 anos e menor de 40 anos de idade no momento da solicitude de axuda.

### **Modalidade da primeira instalación prevista:**

A primeira instalación dun agricultor mozo/a poderá realizarse mediante as seguintes modalidades:

1. Acceso á titularidade exclusiva ou compartida da explotación agraria, por compra, herdanza, pacto sucesorio, doazón, arrendamento, parzaría ou figuras xurídicas análogas, asumindo o/a mozo/a que se instala, polo menos, o 50 % dos riscos e das responsabilidades civil, fiscal e social da xestión da explotación.
2. Acceso á cotitularidade dunha explotación agraria prioritaria.

### **Axudas á primeira instalación:**

A axuda á primeira instalación de agricultores/as mozos/as, dirixida a auxiliar gastos e investimentos derivados dela consistirá en:

1. Unha prima por explotación, nunha contía máxima de 20.000 euros que se poderá substituír, total ou parcialmente, por unha bonificación de xuro equivalente.
2. Unha bonificación de xuros, que poderá aplicarse sobre o xuro preferente na súa totalidade, por un importe non superior a 20.000 euros dun préstamo formalizado no marco do convenio financeiro establecido entre a Consellería do Medio Rural e as entidades financeiras, o importe do cal non poderá superar o 90 % do gasto total e será compatible coas axudas do número 1.

A contía máxima de axuda expresadas anteriormente poderanse incrementar nun 10 % nos seguintes casos:

- Cando se xere na explotación, polo menos, 1 UTA asalariada adicional á do/a mozo/a que se instala.
- Cando a explotación estea situada en zona desfavorecida.
- Cando o mozo/a teña aprobado un contrato de explotación sustentable. Neste caso, o incremento virá condicionado a que dita aprobación sexa anterior á data de certificación do expediente de primeira instalación.

As axudas á primeira instalación non poderán superar os 52.000 euros nin o importe dos gastos e investimentos da instalación realizados.

### **Prazo:**

Establécese para o ano 2010 un período de solicitude de 45 días a partir do 5 de xuño, data de entrada en vigor da orde publicada no DOG do día 4 de xuño de 2010.

O prazo para resolver e notificar as subvencións será antes do 31 de decembro do 2010.

No tocante ao orzamento previsto para as axudas a plans de mellora, a contía ascende a 15 millóns de euros, mentres que no caso das axudas á incorporación de mozos a explotacións agrarias é de 4 millóns de euros.





*A información do Censo Agrario pode ser útil para a reactivación e modernización do sector...*

## O VALEDOR DO POBO

### Que é o Valedor?

A posibilidade de creación e organización dunha institución similar ao Defensor del Pueblo recóllese no Estatuto de Autonomía de Galicia, en concreto, no seu artigo 14. Esta posibilidade fíxose efectiva a través da Lei 5/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

O Valedor do Pobo é o alto comisionado do **Parlamento de Galicia** para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no título I da Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia. O Valedor do Pobo é elixido polo Parlamento de Galicia a través dunha maioría cualificada (3/5 dos membros do Parlamento) por un período de 5 anos, e exercerá as súas funcións con autonomía e segundo o seu criterio, sen atoparse suxeito a mandato imperativo e sen recibir instrucións de ningunha autoridade.

Co fin de preservar a súa independencia e imparcialidade establécese que as súas funcións son incompatibles con todos os cargos políticos ou mandatos representativos e en xeral coa actividade política; coa permanencia na Administración Pública; coa afiliación a un partido político ou co desempeño de funcións directivas neles ou en sindicatos, asociacións ou fundacións, ou co emprego nas mesmas; co exercicio de carreira xudicial ou fiscal; ou con calquera actividade profesional, mercantil ou laboral.

O Valedor do Pobo é unha institución que non exerce funcións de tipo coercitivo, senón unicamente de persuasión, de tal forma que a través das súas diferentes actuacións pon en xogo a súa autoridade, para orientar e corrixir as actuacións ou abstencións da Administración que coñece a través dos procedementos correspondentes.

### Funcións do Valedor do Pobo

Función investigadora, respecto dos actos ou das resolucións da Administración Pública da Comunidade Autónoma ou dos seus axentes.

Función mediadora ou de conciliación entre a Administración e o administrado para a solución da controversia suscitada. Esta función non vén expresamente recollida na norma, pero aséntase nun principio de equidade e no carácter de autoridade imparcial de que está revestida a propia figura do Valedor.

Función informadora, que é consubstancial á propia institución e pode dicirse que se manifesta en momentos moi diversos da actuación do Valedor.

### Onde está?

Valedor do Pobo

Rúa do Hórreo 65 (Dentro do recinto do Parlamento de Galicia)

15700 Santiago de Compostela

### Como presentar as queixas?

Pódense presentar as queixas de varios xeitos, cubrendo un **formulario web**, **por fax**, **por email**, **por carta** ou **presencial**, pero, sempre cómpre cumprir **uns requisitos** para que a queixa poida tramitarse por parte do Valedor.